



Concello de Vigo
Expte. 3594/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 15/2021

SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE OUTUBRO DE 2022

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 28 de setembro e extraordinaria do 10 de outubro de 2022.

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 3º trimestre do ano 2022 e PMP dos 9 meses do ano 2022.Expte. 26076/541. (Expte. Pleno 3588/1101).

Mocións:

- 3.** Moción do concelleiro membro non adscrito urxindo actuacións diante da situación de abandono das pistas municipais de atletismo de Balaídos. Expte. Pleno 3598/1101.
- 4.** Moción do grupo Mixto para esixir ao Goberno galego o apoio e implementación da Lei polo dereito á Vivenda. Expte. Pleno 3595/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicas as accións realizadas a entidades do sector público autonómico a través de transferencias ou subvencións a compañías aéreas para atraer viaxeiros á Comunidade Autónoma. Expte. Pleno 3600/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 1 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6. Moción do grupo municipal Socialista instando ao conselleiro de Sanidade a reposición inmediata da praza de pediatra amortizada no Centro de Saúde de Pintor Colmeiro e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3601/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3602/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia un Plan de Choque para reducir as listas de espera dos pacientes da Área Sanitaria de Vigo. Expte. Pleno 3603/1101.

PARTE DE CONTROL

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 19.09 ao 19.10.22. Expte. 1306/1102 (Expte. Pleno 3596/1101).
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 19.09 ao 19.10.22. Expte. 1305/1102 (Expte. Pleno 3597/1101).

Mocións.

11. Moción do grupo municipal do PP instando ao goberno local a axilizar os trámites, aprobar os proxectos, ceder os terreos precisos para desbloquear os investimentos que a Xunta de Galicia ten previsto realizar en Navia e na ETEA. Expte. Pleno 3599/1101.
12. **Formulación de rogos.**
13. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguíar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 2 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Losada Alvarez Abel Fermín
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (on line)

NON ASISTEN:

Mejías Sacaluga Ana Maria, concelleira grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e seis de outubro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas (on line), Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(195) ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 28 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 10 DE OUTUBRO DE 2022.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria do 28 de setembro e extraordinaria do 10 de setembro de 2022.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(196) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO, ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 3 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DE URBANISMO E FUNDACIÓNS QUE PERTENCEN AO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2022 E PMP DOS 9 MESES DO ANO 2022.EXPTE. 26076/541. (EXPTE. PLENO 3588/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe, de data 13 de outubro de 2022, do Tesoureiro municipal co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 4 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula a o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 5 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 6 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 7 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 8 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2022.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2022 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1,484	60	79	33
Importe dos pagos	51,156,675.04	161,328.00	127,731.02	20,648.81
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1	0	20	0
Importe	7,371.77	.00	13,395.38	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	11,40 días	25,71 días	10,73 días	4,36 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	143	29	12	0
Importe dos pagos	3,154,115.09	92,985.45	23,211.46	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	25	0	0	0
Importe	507,633.79	.00	.00	.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	22,56 días	18,08 días	5,17 días	0,00 días



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 9 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11.70	13.93	31.57	4.09	29.21	23.96	8.75	0.00
Segundo	10.72	22.56	18.68	3.96	19.70	9.81	10.07	0.00
Terceiro	11.40	35.54	25.71	18.08	10.73	5.17	4.36	0.00
Cuarto								

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	29,597,148.6 1	4,826,025.3 6	335,443.7 1	24,044.95	145,540.7 2	51,310.98	8,710.64	.00
Nº pagos	1,372	227	104	5	109	37	14	0
Segundo	40,433,131.1 6	4,693,966.0 7	216,865.0 5	29,046.75	207,283.9 7	15,337.30	13,370.67	.00
Nº pagos	1,321	216	83	6	179	30	27	0
Terceiro	51,164,046.8 1	3,661,748.8 8	161,328.0 0	92,985.45	141,126.4 0	23,211.46	20,648.81	.00
Nº pagos	1,485	168	60	29	99	12	33	0

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 10 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

RD 635/2014

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2022												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	10.31	9.56	8.52	8.60	9.09	10.81	11.19	10.54	11.76			
MARCO	39.18	47.63	25.88	22.38	17.60	14.77	5.43	15.25	9.52			
XMU	26.13	7.91	7.51	11.43	6.37	8.93	14.58	11.55	10.50			
V. C.BUR.	3.86	9.86	9.39	4.74	12.63	12.80	1.83	8.08	3.42			
PMP Global	10.91	9.93	8.63	8.71	9.10	10.82	11.19	10.56	11.75			

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2022

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	9,053,889.28	2,265,765.36	209,717.52	39,634.50	3,468.15	102,777.76	131.60	0.00
Febreiro	8,690,300.50	3,955,072.48	37,647.83	34,919.72	84,519.37	41,798.75	1,073.35	0.00
Marzo	11,713,088.76	4,082,693.37	88,078.36	24,044.95	57,553.30	53,310.98	7,505.69	0.00
Abril	14,367,450.27	3,078,672.65	69,175.12	56,306.99	111,701.71	1,247.13	1,667.63	0.00
Maio	12,863,076.35	3,740,768.33	87,539.58	42,039.82	40,458.08	15,618.62	9,521.74	0.00
Xuño	13,196,798.62	4,691,154.68	60,150.35	29,046.75	55,124.18	15,337.30	2,181.30	0.00
Xullo	14,999,485.86	5,821,720.58	92,141.72	39,667.30	52,769.05	908.23	7,841.14	0.00
Agosto	14,591,382.40	8,584,074.63	53,769.46	44,852.75	54,579.66	1,036.39	1,528.12	0.00
Setembro	21,553,315.46	4,017,243.51	15,416.82	53,981.72	33,777.69	23,211.46	11,279.55	.00
Outubro								
Novembro								
Decembro								
TOTAL	121,028,787.50		713,636.76		493,951.19		42,730.12	



Copia do documento - Concello de Vigo
3634-1101

Data impresión: 13/12/2022 11:24 Páxina 11 de 30
CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Vigo correspondente ao 3º trimestre do ano 2022 e PMP dos 9 meses do ano 2022.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

3.(197) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO URXINDO ACTUACIÓNS DIANTE DA SITUACIÓN DE ABANDONO DAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. EXPTE. PLENO 3598/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2022, número 3588/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCION

“URXINDO ACTUACIÓNS DIANTE DA SITUACIÓN DE ABANDONO DAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Complexo Deportivo Municipal de Atletismo de Balaídos son as únicas instalacións operativas existentes na nosa a cidade para esta práctica deportiva, que conta cunha importante implantación e alcance na nosa cidade e na que o deporte vigués ten logrado recoñecementos e títulos do máximo nivel.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 12 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As pistas de Balaídos son utilizadas cada xornada por varios centos de usuarios/os e nelas desenvolven a súa actividade deportiva seis clubs vigueses e outros tres da nosa contorna metropolitana. Clubs que, ademais, contan con escolas deportivas municipais nas que se encadran moitos centos de nenas e nenos.

As instalacións, construídas na década dos 80, malia ter sido obxecto de diferentes remozados parciais, precisan dunha reforma integral que as modifique e as adecúe as necesidades da práctica deportiva actual. A pesar de existir un compromiso suscrito en decembro de 2008 entre a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo para desenvolver esa reforma, a mesma fica paralizada desde o retorno do Partido Popular ao Goberno galego hai trece anos, inda que o proxecto xa fora aprobado na Mesa de Contratación e que o Concello si executou debidamente os seus compromisos sufragando con 2 millóns de euros para o Pavillón de Candeán.

Por outra parte, o 23 de xullo de 2021 o alcalde, Abel Caballero, anunciaba publicamente que ía ser o Concello de Vigo quen realizase e financiase a reforma integral das pistas, asegurando que dera orde para iniciar de inmediato as xestións necesarias a nivel municipal.

Mais, a día de hoxe, o Concello non iniciou ningún proceso de licitación tal e como fica acreditado na Plataforma de Contratación Pública, nin existe aplicación orzamentaria nos presupostos municipais en vigor. E a única acción emprendida até o momento foi a aprobación dunha moción plenaria, o 24 de novembro de 2021, demandando a Xunta de Galiza o aprovisionamento dunha partida de 5 millóns de euros nos orzamentos de 2022 para esa finalidade.

No entanto, para alén do anterior a situación das pistas vese agravada por unha xestión negligente por parte do propio Concello de Vigo que se manifesta nun estado de patente abandono, no que a falla de mantemento e de reposición de elementos, a excepción dalgunhas actuacións moi puntuais, está facendo que estas instalacións avancen en se tornar impracticábeis e mesmo insalubres.

Son innumerábeis as deficiencias e incidencias que sendo perfectamente coñecidas pola concellaría de Deportes, continúan sen ser atendidas e resoltas. Por citar algunhas das máis notábeis, sinalar que: o ximnasio está sen pintar, nel entra auga cando chove e o seu material fica maiormente obsoleto e/ou inutilizábel; a metade dos aseos e vestiarios están clausurados e outra metade asolagados por auga desde hai semanas; o espazo polivalente do andar superior que se utilizaba como espazo para adestramento interior foi tapiado e clausurado sen alternativa; fíchouse e retirouse todo o material do taller utilizado polo persoal de conserxería (antes da privatización do control de accesos) o que impide que se poidan realizar pequenas reparacións con axilidade; a herba e vexetación do centro da pista e a circundante leva meses sen ser cortada; as canaletas de recollida de augas fican obstruídas e provocan que sempre que hai choiva as pistas estean cheas de auga e terra; os fosos de area non son mantidos adecuadamente; de dúas colchonetas para o salto de altura só se permite o uso dunha delas; unha colchoneta de pértiga está inutilizada; non se dispoñen de vallas suficientes mentres continúan a amorearse vallas avariadas e rotas sen que ninguén as repare; as papeleiras están selladas impedindo a súa utilización e hai unha notábel falla de limpeza no conxunto das instalacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 13 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ao anterior podemos engadir as graves deficiencias derivadas da decisión do Goberno municipal de privatizar o control de accesos, que supuxo unha merma moi significativa dos servizos que se prestan en comparación coa anterior conserxería malia ter o dobre de persoal asignado. E tamén, situacións delirantes provocadas pola aplicación de normas que só poden cualificarse de arbitrarias con prohibicións como comer ou beber, adestrar sen camiseta, facer series con arrastres, correr sen calzado de cravos, utilizar unha bicicleta para marcar o ritmo ou facer uso da rúa número un das pistas. Aliás, a xestión da reservas para poder facer uso das pistas tamén ten sido obxecto reiterado de problemas e incidencias.

Esta situación é incomprensíbel e inaceptábel cando falamos dunhas instalacións deportivas municipais, titularidade do Concello de Vigo, que conta con recursos económicos suficientes para resolver debidamente esta situación.

Mais a resposta do Goberno municipal diante das reiteradas denuncias do abandono das pistas foi sempre negar a realidade, chegando até o extremo de afirmar que as pistas son “supramunicipais” para, desta maneira, tentar xustificar a total e absoluta deserción da concellaría de Deportes das súas responsabilidades, como único titular das instalacións.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Urxir o Goberno municipal a adoptar coa maior axilidade todas as medidas necesarias para resolver todas as deficiencias existentes nas pistas de atletismo de Balaídos e a garantir o seu adecuado mantemento.
- 2 Instar á Concellaría de Deportes a abrir unha interlocución fluída e efectiva cos clubs, adestradoras/es e atletas para atender debidamente as súas demandas e reivindicacións, así como para consensuar as liñas de traballo a seguir para a mellora das instalacións.
- 3 Instar ao Goberno municipal e a Xunta de Galiza a executaren o compromiso suscrito en 2008, para promover a reforma integral das pistas de atletismo de Balaídos, no marco do expediente administrativo iniciado pola Administración Galega en colaboración co Concello de Vigo, e asegurando que a remodelación que se acometa, com base no proxecto co se iniciou o expediente, dea resposta a dúas necesidades básicas das pistas: a práctica, adestramento e formación de todas as disciplinas do atletismo; e ser instalacións apropiadas como referencia de competicións internacionais.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e vinte e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 14 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.10.2022 (Rex. Nº 3598/1101), polo concelleiro membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira 1ª tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

4.(198) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA ESIXIR AO GOBERNO GALEGO O APOIO E IMPLEMENTACIÓN DA LEI POLO DEREITO Á VIVENDA. EXPTE. PLENO 3595/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro de 2022, número 3595/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA ESIXIR AO GOBERNO GALEGO O APOIO E IMPLEMENTACIÓN DA LEI POLO DEREITO Á VIVENDA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recorrentemente o Grupo municipal da Marea de Vigo temos alertado a este Pleno da situación insostible que se afronta na nosa cidade con respecto ao acceso a unha vivenda digna e alcanzable para as familias viguesas. Por desgraza este debate central na cidade parapetouse permanentemente nunha refriega sobre que administración ten ou pode asumir as competencias en materia de vivenda.

A resposta do noso grupo foi sempre a mesma: todas e cada unha das administracións poden e deben ante unha suba inasumible dos alugueiros, dos desafiuzamentos ou da inexistencia de parques públicos de vivenda, asumir actuacións orientadas a evitar que o maior gasto das familias sexa algo que cronifique os niveis de pobreza que denunciaba recentemente o informe EAPN (European Anti Poverty Network) que realiza anualmente a Plataforma Europea de Entidades Sociais que loitan contra a pobreza e exclusión social composta por 19 EAPN autonómicas e 20 entidades de ámbito estatal no Estado español.

Este informe alerta da cronificación da pobreza xa tamén no segmento das persoas con emprego ao poñer na mesa o feito de que estar ou non en situación de desemprego xa non define se se é pobre ou non. Na nosa cidade, como no conxunto de Galicia e o Estado, o pasado ano 2021 acentuouse o incremento das persoas pobres que están a traballar. A porcentaxe de poboación en risco de pobreza subiu do 21% ao 21,7% no conxunto do Estado e ao 2% en Galicia; o que significa que 10.285.517 millóns de persoas viven en pobreza, con ingresos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 15 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

inferiores a 9.535€ anuais. E aumenta a pobreza entre os fogares monoparentais con mulleres á fronte especialmente.

O informe recoñece tamén que as medidas do Goberno ante a crise sanitaria evitaron que un millón e medio de persoas entraran en situación de pobreza. Pero o Estado Español segue a ser o cuarto país en Europa con máis persoas en situación de pobreza e exclusión social e o difícil acceso á vivenda cun encarecemento de prezos inasumibles para moitas familias traballadoras, incluso con ingresos regulares.

Para paliar esta situación, o Goberno de coalición ten aprobado un anteproxecto de Lei polo dereito á vivenda foi aprobada en Consello de Ministros e Ministras e que se enfronta agora a súa tramitación parlamentaria. Estamos ante un ambicioso texto normativo que vén dar resposta a unha gran parte das demandas de colectivos sociais, organizacións sindicais e inquilinos e inquilinas para habilitar mecanismos de control dos prezos dos alugueiros e que eviten as desorbitadas subidas dos prezos da vivenda en alugueiro que viñemos sufrindo os últimos anos no conxunto do estado.

Esta normativa permitirá de maneira efectiva limitar o prezo dos alugueiros en zonas tensionadas en función dun índice oficial e será ademais unha regulación que afectará as persoas xurídicas (empresas e institucións) propietarias de máis de dez vivendas. Ao resto de propietarios, limitaráselles o incremento de prezos ao 10% sobre a última renda do contrato anterior.

Para a declaración de zonas tensionadas, os concellos solicitarán ás CCAA a consideración do seu municipio como tal, e para iso terán que cumprir as condicións de que a renda de alugueiro supere o 30% dos ingresos medios por fogar e que nos últimos cinco anos subise cinco puntos por encima do IPC.

Ademais disto, a normativa permitirá o aumento da recarga da cota do IBI ao 150% para as vivendas desocupadas. Para que unha vivenda se considere desocupada, terá que estar así máis de dous anos e o propietario deberá posuír un mínimo de catro vivendas.

Analogamente introdúcese un novo mecanismo legal para que o 30% da vivenda de protección oficial que se constrúa destinárase ao parque público do alugueiro, e dese 30% a metade será para o alugueiro social, o que permitirá a numerosos concellos que actualmente non dispoñen deste parque de vivenda público dotarse diso para paliar as graves dificultades de moitos colectivos sociais a unha vivenda digna e alcanzable en prezo.

A Lei tamén inclúe mecanismos fiscais como mecanismo de contención de rendas que os novos contratos terán unha desgravación xeral do 50% no IRPF, modulable en función de diversos criterios ata o 90% de bonificación máxima para os caseiros que rebaixen un 5% o prezo dos seus alugueiros.

Con todo e aínda faltando mecanismos demandados por colectivos que se significaron na loita por unha vivenda pública, alcanzable e non especulativa, a posición expresada polo Partido Popular de non aplicala e mesmo abrir vías legais contra a norma co argumento da invasión competencial; a non aplicación da norma deixaría sen capacidade de usar instrumentos positivos no control de prezos dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 16 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

alugueiros aos municipios xa que estes de maneira autónoma ás CCAA non poden solicitar a declaración de zona tensionada.

O bloqueo á Lei impediría o uso de varias ferramentas para actuar ante a escalada de prezos da vivenda e a pesar de que non profunda en cuestións sobre o dereito á vivenda ou entra a actuar nas persoas físicas cun número elevado de inmobles en propiedade, o Consello Xeral do Poder Xudicial anunciou a súa posición en contra.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Marea de Vigo, propón ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a aplicar tras a súa aprobación parlamentaria a Lei polo Dereito á vivenda facilitando ademais de maneira áxil que os Concellos poidan solicitar de inmediato a declaración de zona tensionada e así poder habilitar os mecanismos de control de prezos dos alugueiros que contén a Lei
2. Instar ao Goberno do Estado para iniciar de maneira inmediata á aprobación da Lei a súa mellora introducindo as cuestións que quedaron fóra da norma e que foron reiteradamente trasladadas por colectivos de loita polo dereito á vivenda ou as organizacións sindicais: ampliación parques de vivenda pública, prohibición de desafuzamentos sen alternativa habitacional, etc..."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dous votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 20.10.2022 (Rex. Nº 3595/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión o concelleiro 2º tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 17 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.(199) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACER PÚBLICAS AS ACCIÓNS REALIZADAS A ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNOMICO A TRAVÉS DE TRANSFERENCIAS OU SUBVENCIÓNS A COMPAÑÍAS AÉREAS PARA ATRAER VIAXEIROS Á COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXPTE. PLENO 3600/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2022, número 3600/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A realidade social e económica de área urbana de Vigo (en torno aos 500.000 habitantes) contrasta co centralismo das políticas de promoción turística, económica e aeroportuaria que mantén a Xunta de Galicia. Este centralismo actuou en anos pasados como unha forza centrípeta para, directa e indirectamente, conceder axudas ao aeroporto xeograficamente central da Comunidade Autónoma en prexuízo do da cidade máis poboada, do aeroporto máis achegado ao sur da mesma e que sofre unha competencia mais directa do aeroporto de Porto.

É un feito constatado nos orzamentos no seu momento que a política de subvencións da Xunta de Galicia dende 2009 aos aeroportos de Galicia vén castigando ao aeroporto de Vigo. Dende ese momento, a chegada ao goberno da Xunta de Núñez Feijoo tentouse potenciar determinados aeroportos galegos en detrimento do de Vigo, lembremos aquela nefasta idea dun "aeroporto único con tres terminais".

Esta discriminación manifestouse claramente nos fondos destinados a uns e outros, tanto en termos de axudas aos operadores, como de axudas ao transporte públicos. A cidade lembra perfectamente o apoio da Xunta de Galicia a unha liña Santiago-París, que levou a que a única liña de Air France Vigo-París, que funcionaba "a mercado", rematase por pechar.

En aras da calidade democrática do goberno autonómico e do respecto ao conxunto da cidadanía, é imprescindible que a Xunta faga públicas con maior nivel de detalle posibles no seu número e importes as axudas, que se puideron conceder a través dos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

A pesares de que aínda fai seis meses, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia contestara no Parlamento de Galicia, que "a Xunta non subvenciona desde hai anos a ningunha compañía aérea", esta afirmación non se corresponde coa realidade. O sector público autonómico (Consellerías, Organismos Autónomos, Sociedades Públicas, Fundacións públicas...) ven realizando distintas actuacións para influír nas rutas e compañías aéreas que actúan en Galicia.

Estas actuacións, en exercicio doutras competencias autonómicas e de modo indirecto, supoñen ingresos para algunhas compañías aéreas, sexa vía subvención ou sexa vía contrato de servizos ou de publicidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 18 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a facer públicas todas aquelas accións que teñan realizado as diferentes entidades do sector público autonómico a través de transferencias ou subvencións, directas ou indirectas, a compañías aéreas ou a outras entidades, públicas ou privadas, que realicen accións para atraer viaxeiros a comunidade autónoma. “

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.10.2022 (Rex. Nº 3600/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Auséntase do Salón de Plenos a concelleira Sra. Rodriguez Calviño e o 2º Tenente de Alcalde Sr. Pardo Espiñeira, pasando a presidir a sesión a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

6.(200) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO CONSELLEIRO DE SANIDADE A REPOSICIÓN INMEDIATA DA PRAZA DE PEDIATRA AMORTIZADA NO CENTRO DE SAÚDE DE PINTOR COLMEIRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3601/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2022, número 3601/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O SERGAS adoptou unha decisión moi negativa para os usuarios do Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Pintor Colmeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 19 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A amortización dunha praza de pediatra, que causou baixa por xubilación, supón un enorme trastorno para os pais dos 950 nenos e nenas que tiña asignados o facultativo xubilado e que viña desempeñando desde hai 30 anos, o que supón desmantelar un servizo que traballara durante moito anos a educación sanitaria, en palabras do propio facultativo.

Isto supuxo, na práctica, que eses 950 usuarios foron reatribuídos noutros Centros de Saúde, chegando ao esperpento de asignar a dous irmáns en Centros de Saúde diferentes.

A situación da Atención Primaria en Vigo obriga a cubrir cada unha das vacantes que se producen porque a necesidade é precisamente incrementar o número de prazas dacordo con as demandas permanentes de usuarios e do propio persoal.

É obrigado que non se suprima ningunha praza de facultativo, neste caso de pediatría, e procédase á cobertura inmediata desta praza de pediatra retornando á situación que permita que os 950 nenos e nenas teñan o seu Servizo de Pediatría no Centro de Saúde Pintor Colmeiro, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar do Conselleiro de Sanidade á reposición inmediata da praza de pediatra amortizada no Centro de Saúde de Pintor Colmeiro e repoñer a situación anterior á amortización coa asignación dos nenos e nenas que estaban adscritos ata ese momento ao facultativo xubilado.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.10.2022 (Rex. Nº 3601/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia. Preside de novo o 2º Tenente de Alcalde Sr. Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 20 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(201) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DO APARCADOIRO DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3602/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2022, número 3602/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde a posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro, este Pleno veu reclamando de forma reiterada a gratuidade do aparcadoiro dese hospital tanto para os traballadores do centro como para os usuarios.

Desde o goberno da Xunta de Galicia non se atendeu esta petición que supón, para os usuarios un copagamento á sanidade.

Sete anos despois o beneficio para a Concesionaria segue sendo cuantioso. Practicamente a totalidade da poboación de Vigo acudimos nalgunha ocasión a este centro sanitario e vímonos na obrigaón de ter que abonar o importe do aparcadoiro.

O único alivio nesta situación foi a construción, por parte deste Concello, dun aparcamento de 400 prazas. Tamén solicitamos da Consellería de Sanidade a cesión da Parcela 5 do complexo hospitalario, para construír un novo aparcamento por parte do Concello, solicitude que non foi atendida.

Esta situación, continuada no tempo, fíxose máis palpable para os usuarios que foron citados para a dose de reforzo da vacina do COVID. A obrigaón de fornecer esa dose no Hospital Alvaro Cunqueiro e as longas colas que se produciron tanto na administración da dose como para facer efectivo o pago do aparcadoiro, supuxo un desembolso económico adicional que os usuarios citados non terían que soportar.

O contraste é evidente, cando o SERGAS cita no IFEVI non ten custo económico pola gratuidade do aparcadoiro nesas instalacións e cando se cita no Alvaro Cunqueiro débese soportar ese copagamento á sanidade que se mantén desde hai 6 anos, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcamento do Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Instar á Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario ao obxecto de construír un novo aparcamento para utilización gratuíta por traballadores e usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 21 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.10.2022 (Rex. Nº 3602/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(202) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE CHOQUE PARA REDUCIR AS LISTAS DE ESPERA DOS PACIENTES DA ÁREA SANITARIA DE VIGO. EXPTE. PLENO 3603/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2022, número 3603/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No conxunto da nefasta xestión da Consellería de Sanidade na área Sanitaria de Vigo, cobra especial importancia o apartado das listas de espera.

Ano tras ano, as estatísticas non melloran e ano tras ano as xustificacións dos responsables políticos sanitarios da Xunta de Galicia son a tapadeira de non adoptar un auténtico plan de choque ante unha situación de emerxencia que require a adopción de medidas extraordinarias e dotar de medios materiais e humanos ao conxunto da Sanidade Pública para evitar uns atrasos escandalosos que afectan gravemente á saúde da pacientes da área Sanitaria de Vigo.

As novas estatísticas coñecidas e ocultadas pola Consellería de Sanidade, certifican un panorama global peor que o ano anterior e que nos devolve á situación previa á pandemia que xa era moi preocupante.

As cifras son arrepiantes, as operacións no Complexo Hospitalario de Vigo tardan 76 días, dous días máis que no 2.019.

Na desagregación por servizos, todos están peor que o ano pasado. O paciente que se atope en lista de espera tardará máis tempo en ser atendido que o ano pasado. Situación que se produce en todas as especialidades. Lonxe de mellorar, empeoráronse os tempo de espera.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 22 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En Vigo hai 12.275 persoas esperando unha operación, dato absolutamente insoportable e que supón que son 1.700 persoas máis que o ano anterior.

É evidente que a xestión da Consellería de Sanidade, na área Sanitaria de Vigo, empeora ano tras ano.

Todo isto nun contexto no que a Xunta de Galicia recibiu fondos adicionais do Estado na loita contra a COVID e as achegas anuais ordinarias incrementáanse de forma substancial sen que a xestión sanitaria no seu conxunto mellore.

Requírese unha actuación inmediata, urxente e planificada para dar resposta a 12.275 persoas que están pendentes dunha operación e o sistema público de sanidade non lles dá resposta coa evidente deterioración da súa saúde, e é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar o Presidente da Xunta de Galicia a adoptar, con carácter inmediato e urxente, un conxunto de medidas que se agrupen nun Plan de Choque dotando de todos os medios humanos e materiais necesarios para reducir as listas de espera dos 12.275 pacientes da área Sanitaria de Vigo que hoxe deben esperar 76 días para ser operados e mellorar as listas de espera de Consultas que tamén teñen importantes demoras.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e tres a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e unha abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.10.2022 (Rex. Nº 3603/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9.(203) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 19.09 AO 19.10.22. EXPTE. 1306/1102 (EXPTE. PLENO 3596/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 23 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.09.22 ao 19.10.22) incluídas no expediente 1306/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

10.(204) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 19.09 AO 19.10.22. EXPTE. 1305/1102 (EXPTE. PLENO 3597/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.09.22 ao 19.10.22) incluídas no expediente 1305/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

MOCIÓNS.

11.(205) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A AXILIZAR OS TRÁMITES, APROBAR OS PROXECTOS, CEDER OS TERREOS PRECISOS PARA DESBLOQUEAR OS INVESTIMENTOS QUE A XUNTA DE GALICIA TEN PREVISTO REALIZAR EN NAVIA E NA ETEA. EXPTE. PLENO 3599/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de outubro de 2022, número 3599/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Son moitos os grandes proxectos para a cidade que se perderon ou están bloqueados pola falta de iniciativa, de impulso ou incluso polo bloqueo deliberado do goberno de Abel Caballero.

A remodelación da Avenida de Madrid é un exemplo paradigmático. Unha obra que xa non se fará: un convenio co Ministerio de Fomento, titular da vía, de 10 millóns de euros, asinado no ano 2016, e posteriormente ampliado no ano 2019 a 13,5 millóns. O alcalde non quixo ou non foi quen de facelo en seis anos e agora o que sabemos é que este investimento desapareceu dos PGE.

É o caso máis sorprendente, pero non o máis prexudicial. A continua oposición do alcalde ao desenvolvemento da ampliación de San Paio de Navia, ámbito no que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 24 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

están proxectadas 1.600 vivendas de protección, chegou ao extremo de frear a modificación do Plan Parcial ata xusto despois da celebración das eleccións autonómicas en xullo do 2020, data no que o elevou ao pleno.

O mesmo acontece coa aprobación dos proxectos de urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, que levan ano e medio en tramitación municipal á espera do visto é prace definitivo do Concello, indispensable para que a Xunta poida executar os 14,3 millóns de euros da licitación do primeiro dos tres polígonos.

Tamén neste ámbito é condición *sine qua non* a cesión por parte do Concello vigués dos terreos para a construción do novo Instituto, no que o Executivo galego investirá 14 millóns de euros, á espera de firmar o convenio coa Xunta para poder licitar a redacción do proxecto.

Mesmo na ETEA, onde se están a desenvolver 6 proxectos sectoriais todos xa aprobados pola Xunta de Galicia ou en avanzado estado de tramitación, o Concello é o único que non ten redactado o proxecto que lle corresponde. Asemade, ao non poñer a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas os terreos do PS1 para a súa urbanización, mantén bloqueada unha inversión autonómica de 12,5 millóns euros. Unha intervención por parte do Goberno galego que é esencial para que, por exemplo, a Fundación Amancio Ortega culmine a residencia de maiores.

Por razóns inexplicables o Goberno local aínda non fixo nada disto, ao igual que non permite que Vigo dispoña dunha sede do Centro Galego da Arte Contemporánea (CGAC) nun edificio do Casco Vello.

Os retrasos e atrancos do Concello non só afectan a proxectos que se pretenden executar en beneficio da cidade e da veciñanza de Vigo, senón que impide que obras completamente rematadas, como é o caso da Estación Intermodal, na que se investiron 18 millóns de euros pola parte autonómica, non se poda poñer en funcionamento porque o Concello non ten rematada aínda a súa parte dos accesos.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

- ▣ Instar ao Goberno municipal a axilizar os trámites, aprobar os proxectos e poñer a disposición ou, no seu caso, ceder os terreos precisos para desbloquear os investimentos que a Xunta de Galicia ten previstos realizar no barrio vigués de Navia e na ETEA.
- ▣ Instar ao Goberno municipal a informar sobre o estado das obras municipais relativas ou relacionadas coa nova Estación Intermodal, así como a data de finalización dos accesos na parte correspondente ao Concello vigués e a tramitación dos permisos para a súa posta en funcionamento.
- ▣ Instar ao Goberno municipal a aprobar a cesión dun espazo no Casco Vello para construción dunha sede do CGAC.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 25 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.10.2022 (Rex. Nº 3599/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

12.(206) Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se convoque o Consello Sectorial de Transporte e o Consello Sectorial de Medio Ambiente do Concello de Vigo, para someter a súa consideración e debate a proposta de aplicación das Zonas de Baixas Emisións na cidade e a ordenanza municipal que as regulará.

13.(207) Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes. Rogamos que o Goberno Local desenvolva un Plan Municipal contra a pobreza, tal e como se demandou esta mañá na praza do Concello ante o aumento constante da pobreza na nosa cidade.

14.(208) Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Que se nos de acceso ao expediente que se está a tramitar no concello para indemnizar á concesionaria do servizo de transporte urbano de autobús, VITRASA, por desequilibrio económico do contrato.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15.(209) Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Cando se vai realizar a execucións subsidiaria da reparación do talude entre a rúa San Roque e a Avenida de Madrid, que o alcalde anunciou o pasado mes de maio estaría acometida en dous meses, para desta maneira poder liberar o carril de circulación fechado na Av. De Madrid polo risco de derrube?.

16.(210) Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa. ¿Cando se vai realizar o estudo de impacto acústico das atraccións de Nadal, que figura como necesario realizar, segundo o informe emitido polo xefe de servizo de Seguridade?.

17.(211) Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Cando van a satisfacer as demandas dos veciños e veciñas da Praza da Miñooca que reclaman que se execute o investimento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 26 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

solicitado e anunciado do parque infantil, e que se faga tamén o mantemento de dita praza?

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Outubro
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 26 de Octubre de 2022 14:08:09
Fecha Fin : Miércoles, 26 de Octubre de 2022 17:07:47
Duración : 02:59:38

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3243

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.3 GiB

SHA512 -
6f68241135ad578abeb52114028f7db0d76d72dd194a4a468f00dc058a4b5ecfaf57e
e391578d8db2861007782bfb4b9547eb1cc04dce7fcd8444cac2e8d3e

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:53 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 28 de setembro e extraordinaria do 10 de outubro de 2022.

00:01:13 : Dar conta do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 3º trimestre do ano 2022 e PMP dos 9 meses do ano 2022.Expte. 26076/541. (Expte. Pleno 3588/1101).

00:01:33 - Aneiros Pereira, Jaime
00:06:13 - Caballero Álvarez, Abel
00:06:20 - Pérez Iglesias, Xabier
00:08:20 - Caballero Álvarez, Abel
00:08:24 - Pérez Correa, Rubén



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/12/2022 11:24

Páxina 27 de 30

3634-1101

CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 00:12:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:13:01 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:18:11 - Caballero Álvarez, Abel
 00:18:21 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:21:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:21:56 : minuto de silencio
 00:22:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:23:00 : 3. Moción do concelleiro membro non adscrito urxindo actuacións diante da situación de abandono das pistas municipais de atletismo de Balaídos. Expte. Pleno 3598/1101.
- 00:23:16 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:25:19 - Caballero Álvarez, Abel
 00:25:22 - Pérez Correa, Rubén
 00:30:28 - Caballero Álvarez, Abel
 00:30:32 - Bartolomé Tocino, Carlota
 00:35:16 - Caballero Álvarez, Abel
 00:35:19 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 00:40:22 - Caballero Álvarez, Abel
 00:40:31 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:41:33 - Caballero Álvarez, Abel
 00:42:09 - Votación
- 00:42:36 : 4. Moción do grupo Mixto para esixir ao Goberno galego o apoio e implementación da Lei polo dereito á Vivenda. Expte. Pleno 3595/1101.
- 00:42:44 - Méndez Fuentes, Oriana
 00:47:50 - Caballero Álvarez, Abel
 00:47:58 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:50:00 - Lopez Roman, Patricia
 00:54:47 - Caballero Álvarez, Abel
 00:54:52 - Caride Estévez, María José
 00:59:56 - Caballero Álvarez, Abel
 01:00:01 - Méndez Fuentes, Oriana
 01:03:06 - Caballero Álvarez, Abel
 01:03:15 - Votación [10:10:46]
- 01:03:49 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a facer públicas as accións realizadas a entidades do sector público autonómico a través de transferencias ou subvencións acompañadas aéreas para atraer viaxeiros á Comunidade Autónoma. Expte. Pleno 3600/1101.
- 01:04:08 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:09:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:09:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:11:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:11:36 - Pérez Correa, Rubén
 01:16:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:16:49 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:20:40 - Marnotes González, Jose Alfonso
 01:21:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:22:05 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:25:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:25:41 - Votación [10:33:14]
- 01:26:29 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando ao concelleiro de Sanidade a reposición inmediata da praza de pediatra amortizada no Centro de Saúde de Pintor Colmeiro e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3601/1101.
- 01:26:42 - López Font, Carlos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 28 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:31:53 - Espinosa Mangana, Elena
 01:32:03 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:34:03 - Espinosa Mangana, Elena
 01:34:06 - Pérez Correa, Rubén
 01:39:16 - Espinosa Mangana, Elena
 01:39:21 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:44:25 - Espinosa Mangana, Elena
 01:44:28 - López Font, Carlos
 01:47:42 - Espinosa Mangana, Elena
 01:47:58 - Votación [10:55:25]
- 01:48:33 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro e outros acordos complementarios. Expte. Pleno3602/1101.
 01:48:36 - López Font, Carlos
 01:50:24 - Espinosa Mangana, Elena
 01:50:27 - López Font, Carlos
 01:53:47 - Espinosa Mangana, Elena
 01:53:52 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:55:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:55:59 - Pérez Correa, Rubén
 02:01:04 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:01:11 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:06:12 - López Font, Carlos
 02:07:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:07:31 - López Font, Carlos
 02:08:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:09:00 - López Font, Carlos
 02:10:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:10:25 - Votación [11:17:56]
- 02:10:45 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia un Plan de Choque para reducir as listas de espera dos pacientes da Área Sanitaria de Vigo. Expte. Pleno3603/1101.
 02:11:01 - López Font, Carlos
 02:16:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:16:15 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:18:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:18:24 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:23:02 - Caballero Álvarez, Abel
 02:23:07 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:28:08 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:28:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:28:16 - López Font, Carlos
 02:31:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:31:36 - López Font, Carlos
 02:31:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:32:03 - Votación [11:39:06]
- 02:32:35 : 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 19.09 ao 19.10.22. Expte. 1306/1102 (Expte. Pleno 3596/1101).
- 02:32:50 : 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/asdelegados/as, dende o 19.09 ao 19.10.22. Expte. 1305/1102 (Expte. Pleno 3597/1101).
- 02:33:01 : 11. Moción do grupo municipal do PP instando ao goberno local a axilizar os trámites, aprobar os proxectos, ceder os terreos precisos para desbloquear os investimentos que a Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 29 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

deGalicia ten previsto realizar en Navia e na ETEA. Expte. Pleno3599/1101.

- 02:33:20 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:38:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:38:49 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:39:18 - López Font, Carlos
- 02:39:21 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:40:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:40:59 - Pérez Correa, Rubén
- 02:45:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:46:04 - Caride Estévez, María José
- 02:51:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:51:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:51:23 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:54:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:54:54 - Votación [12:02:28]

- 02:55:48 : 12. Formulación de rogos.
- 02:55:56 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:56:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:56:17 - Méndez Fuentes, Oriana
- 02:56:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:56:37 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:56:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

- 02:56:55 : 13. Formulación de preguntas.
- 02:57:01 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:57:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:57:26 - Caride Estévez, María José
- 02:57:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:57:43 - Pérez Correa, Rubén
- 02:57:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:58:00 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 02:58:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:58:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:59:38 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e dez minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 15/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
am.

A PRESIDENCIA
Elena Espinosa Mangana
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/12/2022 11:24	Páxina 30 de 30
3634-1101	CSV: A7AHBA-CAA836-D18BDB-UQ25K3-35TVPX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		